

# PRESENTACIÓN

A Real Academia Galega, ao decidir que este fose o ano de Ramón Piñeiro, abriu a porta a unha revisión e ampliación das investigacións sobre o labor de quen fora membro daquela institución durante máis de vinte anos. E agora que transcorreron case outros tantos dende o seu pasamento podemos ter xa a perspectiva suficiente para analizarmos o seu traballo lonxe das polémicas suscitadas por algunhas das decisións que adoptou na última etapa da súa vida. Pero houbo moitos Piñeiros, porque o seu compromiso con Galicia remóntase ao comezo dos anos 30 do século pasado e dende entón, en diferentes situacións e responsabilidades, traballou primeiro pola supervivencia e logo pola consolidación da nosa cultura e da nosa identidade.

Este ano habemos coñecer novos documentos, veremos ampliada a edición do seu inmenso epistolario e traballos específicos hannos ofrecer achegas valiosas para entendermos máis cabalmente o esforzo realizado por un home ao que, tanto seguidores coma contraditores, lle recoñecen a súa actitude ética. Pero esta tamén é unha oportunidade para estender esa visión á xeración que o acompañou nas súas angueiras, a da Editorial Galaxia, e tamén ver a relación que a cultura e a política tiveron nos tempos máis escuros do noso pasado recente. Por outra parte, a etapa histórica que se corresponde coa vida de Piñeiro -así como moitas das súas actuacións públicas- halle servir ao profesorado para achegar os seus alumnos e alumnas a etapas ben interesantes da historia social da nosa lingua.

A unidade didáctica que agora presentamos baséase nun vídeo editado a partir das entrevistas realizadas a persoas que o acompañaron na súa vida familiar, que o sucederon nos cargos que desempeñou, que compartiron proxectos en Xelmírez 15 ou que apoiaron os seus traballos como compañeiros de xeración. Tamén ofrecemos unha aproximación ao período histórico que marcou o seu percorrido vital á que se xuntan textos e actividades. Os textos queren ser unha crestomatía que complete a información de cada unha das sete partes nas que dividimos os traballos e os días de Ramón Piñeiro. Asemade, serven de pretexto para actividades de reflexión sobre eses mesmos textos e sobre as circunstancias históricas ás que se refiren.

Ofrécese tamén unha presentación para que o profesorado poida profundar e ampliar aqueles aspectos que considere máis relevantes. Esta presentación está disponible en formato .odt, para OpenOffice Impress. O programa pode descargarse e instalarse doadamente, para calquera sistema operativo, desde a sección de software libre en galego de [www.mancomun.org](http://www.mancomun.org). Tamén se achega en formato .pdf, aínda que neste caso se perden as transicións de diapositivas e as animacións dos textos. Para acceder ao arquivo .pdf precísase o programa Adobe Reader, de descarga gratuíta.

Achéganse, así mesmo, actividades Jclíc para traballar co alumnado na aula de informática ou para que o profesorado as insira na aula virtual dos centros aproveitando a plataforma moodle. O programa Jclíc é software libre e tamén se pode instalar gratuitamente dende o menú de descargas de zonaClic. Por último, co programa exe (dispoñible en [www.exelearning.org](http://www.exelearning.org)) achegamos un exame scorm sobre diversos aspectos da vida ou da obra de Piñeiro tratados nos outros apartados da unidade didáctica. Esperamos que todos os materiais resulten útiles.

Agradecemoslles ás persoas que colaboraron no vídeo a súa amabilidade e á Editorial Galaxia as facilidades ofrecidas para a publicación de fotografías que ilustran este traballo.